

**De poesía e de poetas no cincuenta aniversario  
de *Cómaros verdes***

**Helena González Fernández**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2012 [1998]). “De poesía e de poetas no cincuenta aniversario de *Cómaros verdes*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 203-210. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1775>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1998). “De poesía e de poetas no cincuenta aniversario de *Cómaros verdes*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 203-210.

\* Edición dispoñíbel desde o 26 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## De poesía e de poetas no cincuenta aniversario de *Cómaros verdes*

---

Helena González Fernández

1

1977 foi sobre todo o ano do cincuentenario de *Cómaros Verdes*, homenaxeado polo Concello de Vilagarcía co facsimilar da edición de 1947, un congreso e mais un premio de poesía. E foi tamén o ano da desaparición dun fermoso proxecto editorial, a colección Leliadoura de Sotelo Blanco, que con 38 títulos pechou un catálogo plural e aberto no que aparecen nomes e libros imprescindibles para fiar a historia da nosa poesía recente.

Este ano, como o anterior, decorreu cheo de polémicas e ruxerruxes por mor das diverxencias estéticas e xeracionais que converteron o I Congreso de Poesía celebrado en Vilagarcía no segundo combate entre “novos” e “vellos”. E logo, engadindo novos argumentos ó debate, saíu do prelo a antoloxía *Para saír do século. Nova proposta poética* (Xerais) preparada por Luciano Rodríguez e Teresa Seara, que fan unha escolma de tendencias estéticas (non unha escolma panorámica) que pode ser lida como continuación da sempre citada *Desde a palabra, doce voces* que o mesmo L. Rodríguez artellara en 1985. O debate é saudable, mesmo imprescindible cando se xesta nun sistema literario (e nun xénero) demasiado condicionado pola conciencia de turrar todos do mesmo carro, anulando a importancia da autocrítica, proscribindo calquera voz disidente e tendendo á uniformidade nun benintencionado “aquí cabemos todos” que encobre unha sorte de poética única. Sen embargo, nos momentos máis álxidos do enfrontamento pareceu dominar un sentimento de conciencia horizontal de grupo que se contradí coas prácticas literarias. Se algo comparten os poetas destas dúas promocións de idade (que non xeracións literarias, concepto rixido

que lle acae moi mal á présa por clasificar a escrita recente) é o feito de viviren mergullados na heteroxeneidade de escritas, con propostas que evolúen no tempo e que non atenden ós criterios da idade. É certo que moitos dos camiños que se andan nos anos noventa teñen os seus precedentes inmediatos nas promocións anteriores pero isto non acontece só coa poesía máis contida e culturalista, senón tamén coa poesía do cotián, coa(s) poesía(s) de muller ou coa nova poesía surrealista, que chantan os seus alicerces nos poetas anteriores.

O conflito real centrábase no acceso e mesmo na posesión dos espazos literarios, un conflito que agora en certo xeito está resolto. As coleccións e os premios cárganse de significado nun panorama tan convulso e tan sensible pois non en van estes son dous espazos mellorados para promocionar e asentar as diversas estéticas. As coleccións de referencia son Espiral Maior e Illa Verde (ambas e dúas nutren o catálogo poético máis plural e contioso de toda a nosa historia), Ablativo Absoluto e a recén inaugurada Letras de Cal, na que recuncan algúns dos membros do Batallón Literario Costa da Morte, que este ano semellou estar máis activo ca nunca, coa publicación de dous libros colectivos, *Nós* (Concello de Corcubión/Batallón Literario) e *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra* (Espiral Maior). Os premios tamén semellan seguir un rumbo significativo: o Esquíu e o Martín Codax prefiren os poemarios máis classicistas (cómpre non esquecer que o Esquíu conta cos nomes máis relevantes da promoción dos oitenta entre os seus premiados e accésits); o Espiral Maior, para poetas inéditos, serve de vía de entrada a novas voces e novas propostas (por esta porta están a entrar nomes prometedores para os vindeiros anos, como Martín Veiga, Yolanda Castaño ou Emma Couceiro); pola súa banda, o Eusebio Lorenzo Baleirón, o Miguel González Garcés, o Johán Carballeira e o Cómaros Verdes son premios máis heteroxéneos e abertos.

## 2

Vexamos cómo se resolveron algúns destes certames. O VI Premio Martín Codax gañouno Román Raña cun poemario decadentista e culturalista, *Ningún camiño* (Galaxia). Supón un chanzo máis na súa traxectoria poética, no que se concibe a palabra como instrumento da revelación do máis íntimo do home, e engade unha novidade formal, pois por primeira vez, aposta polo verso branco. O accésit do XVI Premio Esquíu foi para *Ardora* (Esquíu) de Lino Braxe, un percorrido polos seus mundos máis queridos, especialmente o de Grecia, pero cargado tamén de ironía e de poemas autobiográficos que semellan propor un cambio de rumbo na súa poesía. O XVI Premio Esquíu levouno *Permiso para o curso* (Esquíu) de Xosé Miranda. O autor fai un esforzo por construír unha arquitectura narrativa en tres partes, como acontece no seu outro libro publicado este ano, *Carozo azul* (Deputación da Coruña), accésit do Miguel González Garcés de 1996. Aposta por ordenar a fragmentariedade dos poemas cunha estrutura homoxénea, como se fosen contos ou retrincos axuntados por un fío argumental, temático ou vital. Sen dúbida ningunha *Carozo azul* é o máis interesante dos dous. Nel propónsenos un periplo vital en tres estacións que se corresponden con tres visións e tres actitudes diferentes perante a escrita (cómpre salientar o seu esforzo por ir espindo o discurso conforme as súas reflexións se van facendo máis transcendentais). A memoria aparece compartimentada. Hai unha memoria do gozo, inzada de barroquismos naturais que lembran xardíns orientais. Aparece tamén unha memoria do naufragio, do desamor. E, finalmente hai unha xeoloxía das lembranzas, a parte máis me-

taliteraria e tamén a máis existencialista. A natureza, materia poética por excelencia de *Carozo azul*, séntese na lectura como un universo novo, non en van o autor é biólogo e o seu referente natural non vén só do pouso literario herdado.

O Eusebio Lorenzo Baleirón foi parar a un poeta-taberneiro lugués, Isidro Novo, autor de *Dende unha nada núa* (Castro), e o I Premio de Poesía Johán Carballeira acadouno Xosé Carlos Caneiro cun poemario sentimental, *A valga do triste amor* (Espiral Maior), onde o amor se converte en experiencia telúrica. Dos premios Cómaros Verdes (outorgado a *Casa ou sombra* de Rafa Villar), González Garcés (que premiou *Areados* de Estevo Creus) e do Espiral Maior (que acadou Emma Couceiro con *Humidosas*) falaremos máis adiante.

## 3

Unha ollada rápida a toda a produción poética do ano revela a aparición teimosa da casa como punto de partida para a creación de mundos poéticos ou como pretexto para mergullarse no interior. O símbolo é abondo coñecido, habitual nas literaturas occidentais e omnipresente na nosa poesía, tanto para pescudar nas inquedanzas do home (nunha interpretación existencialista) como para facer dela un trasunto da terra ou da patria (cunha vontade de compromiso nacional). A casa é o espacio do interior, da introspección, e como tal permite unha explicación sobre un espacio concreto das emocións e das conviccións (os estudiosos vimos repetindo arreo as mesmas explicacións que veñen de Gaston Bachelard).

Manuel María, nos seus *Sonetos á casa de Hortas* (Espiral Maior), onde recolle algúns textos que xa foran publicados en Portugal, ofrece unha elexía saudosa do espacio da súa propia infancia, tan vencellada á casa familiar e á tradición do rural galego. Manuel María ofrécenos uns poemas directos, sentidos, que cómpre ler unicamente en clave autobiográfica. Sen embargo Xavier Rodríguez Baixeras, moito máis afeito ó virtuosismo dos artificios poéticos, regresa á casa e á paisaxe da Mariña, con ese transfondo simbólico do coñecemento e en versos medidos. A súa poética de bardo lévao de novo ós versos máis axeitados para a narración poética: os heptasílabos, os hexasílabos combinándose cos anteriores, e os alexandrinos. En *Beira norte* (Sotelo Blanco), con prólogo de Pilar Pallarés, a casa sérvelle para facer un percorrido sentimental pola memoria, nunha sorte de viaxe cara ó interior, cara ó inverno, a estación omnipresente no poemario, que sitúa o eu poético nunha permanente negatividade, nunha sorte de non existencia que viaxa en espiral cara ó cerne de si mesmo. Pola súa banda, o seu compañeiro de promoción, Ramiro Fonte, que este ano publica *O cazador de libros* (Sotelo Blanco) segue fiel á cidade como lugar de viaxe, coñecemento, encontro e reflexión e só de cando en vez aparece algunha fiestra que permite ver as rúas e as xentes que pasan. O espacio urbano convérteselle ó cazador de libros nunha corte literaria na que asoman os seus escritores preferidos (nunha sorte de reapropiación lírica). Con este poemario Fonte volve á poesía rimada e á reescritura dunha tradición que forma parte viva do seu mundo.

Os dous libros que máis se demoran no espacio matriz da casa son os de Xosé María Álvarez Cáccamo e Rafa Villar. Este último apareceu este ano cun premio, o *Cómaros Verdes*, e dous poemarios, *O tributo da tarde* (Toxosoutos) e *Casa ou sombra* (Xerais). O primeiro mestura a paisaxe fisterrá coa paisaxe amatoria. No segundo, recunca nesa poesía breve, de versos espidos, minimalista, que caracteri-

zou tamén a súa ollada mariña de *A sotavento dunba singradura*, porque a súa ollada á propia existencia vaise espindo como os seus poemas. A casa é un espacio, é el mesmo, é o espacio que acubillou a súa infancia, é a gardadora das sombras da memoria. Pola súa banda, *Calendario perpetuo* (Espirál Maior) de Xosé María Álvarez Cáccamo, representa o cumio desa poética da memoria propia, vencellada ó espacio da casa e do ámbito familiar que veu construíndose pouco e pouco ó longo dos seus poemarios. Recupera o tempo e o espacio da infancia en retrincos impresionistas, demorados na insignificancia da anécdota, de lugares concretos. Os nomes propios e as lembranzas non serven máis que para acentuar a percepción do tempo, que se fai explícita na alusión ós meses e nos últimos poemas do libro. Inimigo do ton sentimental, procura unha poética estrañada que lle permite ó tempo protagonizar as situacións descritas e contalas cunha certa distancia. O libro leva un interesantísimo limiar de Arturo Casas, que ilustra a poética de Cáccamo e ofrece unha historia do poema en prosa. Cáccamo publicou tamén este ano *A escrita das aves de marzo* (Tema).

O propio Arturo Casas no seu terceiro poemario *Momentum* (Sotelo Blanco) reflexiona sobre o espacio e o tempo. A arquitectura que nos propón o poeta e crítico está estruturada en tres partes e ó longo do libro vanse alternando os textos de eséxese cos poemas propiamente ditos. Fronte á poesía do cosmos que aparecía en *Pedra de Nadir* propón agora unha procura do coñecemento a través do corpo. A través dos diálogos coa segunda persoa adivíñase un leve fio argumental, o da experiencia amorosa aínda que o que realmente propón é unha pescuda a través da palabra.

## 4

Atopamos moitas máis miradas saudosas e existenciais proxectadas sobre a paisaxe, alén das xa citadas de Baixeras, Cáccamo e Rafa Villar. Pura Vázquez en *Desmemoriado río* (Espirál Maior) ofrécenos unha visión emotiva da existencia que vai pintando emocións sobre retallos paisaxísticos nas dúas primeiras partes do libro (“O tempo da elexía” e “A alma e as paisaxes”). Sen embargo, no resto do libro ofrécenos o testemuño da memoria, que a poeta explica a través do xa coñecido símbolo do río. De entre todos os poemas sobrancea un poema, “Muller decrépita”, un retrato desgarrado da vellez, conmovedor polo que ten de sincero enfrontamento co final da vida. Cunha actitude moito máis vital reaparecen algúns textos ciscados e esquecidos de Bernardino Graña en *Luz de novembro* (Espirál Maior), onde recolle poemas para o seu fillo pequeno, elexías e un poema antifranquista que o autor agochara e esquecera entre as páxinas dun libro.

## 5

Entre os autores máis novos volvemos atopar nomes coñecidos. Celso Fernández Sanmartín, autor daquel libro sen título que tanto gustara polo seu aire *naïf*, publica agora *Propiamente son captivo* (Letras de Cal), onde recupera o gusto polo miúdo e polos espazos cotiáns e inxeis. De por parte apareceu tamén o segundo poemario de Estevo Creus, *Areados* (Deputación da Coruña). Se os *Poemas da cidade oculta* se caracterizaban por unha simboloxía surreal ateigada de animais no espacio imaxinado da cidade oculta, neste caso céntrase nos tigres para falar de

amor e de morte. A aparente naturalidade destes poemas fantásticos condúcenos a un mundo que canto máis fabuloso máis posible se fai. Os corpos son tigres cando están cheos de paixón, pero tamén hai gaivotas e moitas outras imaxes imposibles pero enormemente suxerentes. Estevo Creus aposta por unha poesía moi particular: directa, simbólica e surreal. Pola súa banda, Miro Villar, incansable promotor de actividades poéticas xunto co seu irmán, publica este ano o seu mellor poemario, *Abecedario da desolación* (Espiral Maior). A súa segue a ser unha poética clasicista, contida, en permanente diálogo coa tradición literaria universal, por iso os vintecinco poemas do libro aparecen encabezados por cadansúa cita. Fálanos do amor como unha catarse, como unha paixón irreprimible e traza unha liña amorosa que vai desde os foguetes da paixón descuberta á imposibilidade de amar.

Cómpre citar ademais outros autores novos que desembarcan este ano: François Davó, que escribe *O inmóbil impaciente* (Espiral Maior) orixinalmente en galego, aínda que apareza en edición bilingüe francés-galego; Igor Lúgrís, que publicou *Quen nos defende a nós dos idiotas?* (Letras de Cal); e Claudio Pato (irmán de Chus Pato), que se estrea publicamente con *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev* (Ablativo Absoluto) cunha poesía narrativa que vai ordenando unha situación de retallos de realidade posibles, pero nunca realistas.

## 6

Tamén este ano as mulleres gañan protagonismo e seguen estando á vangarda da poesía galega actual. Sen embargo as poéticas están cada vez máis distantes entre si. Mesmo cando se senten obrigadas a xustificar, reivindicar ou reescribir a súa condición de muller, vemos como se abandonan os poemarios máis explícitos para lle ir deixando paso a unha reapropiación da escrita que funcione como revulsivo dobremente xenérico (como mulleres e como partícipes dun xénero literario).

Chus Pato ofrécenos o seu poemario máis transparente dentro desa escrita do caos e do diálogo co entorno cultural. En *Fascinio* (Toxosoutos), cunha provocadora fotografía na porta, recupera textos que xa apareceran nas carpetas de Edicións do Dragón (aqueles nos que os poemas son crípticos códigos que nos mergullan na Idade Media de Ilduara Eriz). Pero o poemario inclúe sobre todo historias cotiás de mulleres, que recuperan o seu protagonismo a través dos poemas porque Chus Pato se converte nunha especie de cronista-historiadora lírica. Aquela vertente máis críptica e caótica que aparecía nos poemarios do ano pasado ten moito que ver coa escrita de Xabier Cordal Fustes, que este ano publica *Afásia* (Bahia), un dos poemarios máis interesantes do ano. Nos seus versos danse cita todo tipo de elementos culturais e non culturais porque todo dialoga co poeta e co lector. Téntase ofrecer un achegamento paródico á realidade desde a escrita, que no caso de Cordal significa pór a poesía galega na vangarda posmoderna desde o profundo compromiso nacional. O libro ademais ten unha rara virtude: gaña lectores sen que o autor teña que renunciar á experimentación, á tensión poética ou a interdiscursividade. Tanto Chus Pato como Xabier Cordal ofrécennos coa súa visión fragmentada e renovada da realidade unha poesía con vontade de intervención e nada inocente, que vén a ser unha das formas máis militantes de compromiso desde a escrita.

Recuncan este ano con poemarios mellorados algunhas poetas que xa eran coñecidas e que xa son de cita obrigada en calquera panorámica da poesía recen-

te. Isolda Santiago ofrécenos en *Berce das estampas* (Espiral Maior) unha poesía cotiá que tenta explicar a realidade, a existencia e a condición de muller pelexándose cos conflitos e ironizando sobre os tópicos e os ideais comúns. Pola súa banda, Olga Novo, poeta imprescindible xa desde *A teta sobre o sol*, e crítica de poesía nas páxinas da revista *Tempos novos*, publicou este ano o poemario máis erótico dos que teñen escrito as mozas desta nova promoción. *Nós nús* (Ablativo Absoluto) é unha proposta intelixente e suxerente. Aparece unha natureza desbocada e sen eufemismos que lle permiten falar de paixón, sexo e amor sen ningún atranco. Tamén Yolanda Castaño encamiña a súa escrita barroca, ategada de sensacións e suxerencias, cara ó eros. *Delicia* (Espiral Maior), que leva limiar de Teresa Seara, inclúe os seus mellores poemas. Os poemas convértense por veces nun conto ubicado no xardín das delicias ou nalgún vizoso xardín oriental e o encontro amoroso faise gozoso e apaixonado.

Curiosamente o erotismo volve aparecer renovado na escrita dos homes. Non se trata de itinerarios ocultos por xeografías suxerentes, senón de referencias directas ós corpos e ó pracer. Claudio Rodríguez Fer, que publica este ano *A unha muller descoñecida* (Esquíó) foi pioneiro na escrita erótica galega. Nesta última entrega poética a(s) muller(es) volven estar no centro da súa escrita. Hai erotismo, amor, paixaxe, recreación dos elementos naturais (entre a súa escrita e a de Olga Novo atópanse moitas semellanzas). Pero sobre todo hai un desexo por particularizar a paisaxe pódolle nome propio porque a paisaxe, como as mulleres que nos vai descubrindo, significan unha regresión cara ó primitivo, á orixe. Sen embargo o poemario máis sorprendente e o provocativo dos escritos por homes é *Figuras masculinas de meio-corpo* (Espiral Maior) de Antom Fortes Torres, pola perspectiva e a voz poética empregada que lle permite falar do homoerótico sen atrancos.

Aparecen algunhas voces mozas de mulleres que cómpre ter en conta. Por unha banda, dúas que veñen do Batallón Costa da Morte: a xovencísima María Lado, que con *A primeira visión* (Letras de Cal) ofrece un fato de poemas a xeito de escena dramática na que se reflexiona sobre os mitos, a morte e o sexo; e Mónica Góñez, cos poemas pornográficos que aparecen no libro colectivo *De mar e vento. Cinco poetas de fisterra* (Espiral Maior), editada por Rafa Villar. Por outra banda, Cristal Méndez Queizán, autora de *Amizade con Mougli* (Espiral Maior), cunha poesía irónica e teatral da experiencia, e mais Emma Couceiro, gañadora do V Premio Espiral Maior cun poemario por veces tateante pero que descobre un mundo poético poderoso e mesmo trágico. *Humidosas* (Espiral Maior) demórase na adolescente que xa deixa de selo e nun mundo poboado de seres misteriosos, *cerradoras* e *agardadores* que personifican uns medos e unhas fantasías que non teñen outro nome. Os seus caracois arrastrando sempre humidade sérvenlle de espello.

## 7

O Premio 1977 de poesía da Universidade de Vigo outorgado a Ángela Eva Rei arriscouse a premiar unha voz nova que poderíamos catalogar dentro desa poética da disidencia, do xogo cáustico e do experimentalismo que atopabamos no Colectivo Ronseltz ou en Manuel Cortés, ex membro dese colectivo poético, membro do grupo teatral Chévere, que este ano recunca nos seus antihaiqués e nos caligramas con *A rutina é o deber de todas as criaturas* (Positivas). Nos *Dez poemas de amor verdadeiro* (Xerais) Ángela Eva Rei escribe os seus antipoemas de

amor cunha voz carente de prexuizos, desvergoñada e acugulada de achados humorísticos e satíricos. Sen embargo a aposta experimental máis interesante é a que ofrece o Grupo Tinta (Alberto de Sousa, Julián Hernández e Manuel R. Romón) en *Bonus Track*, artefacto poético literario, plástico e musical que foi presentado a xeito de *performance* nunha imprenta compostelá e que inclúe CD e libro, titulado *Nadir* (Imprenta Litonor). O grupo recupera o gusto polas propostas alternativas e multidisciplinares que gobernaran Rompente, trocando o humor pola seriedade. *Nadir* é un fragmentado poema metadiscursivo no que se nos descobre o poder de suxestión e de creación das palabras e dos seus vestixios (“de tinta é o perfume da letra. / a memoria moura do que fomos / e as imaxes do que soñamos). Trátase dunha poesía canónica e rigorosa nunha actualización das procuras metapoéticas da poesía experimental que atopamos nos anos sesenta e setenta, e que seguen aparecendo nas literaturas do noso arredor.

## 8

O eido reservado habitualmente para as reedicións e antoloxías do xénero mingou moito este ano. ¿Por cousa da colección divulgativa “A Nosa Literatura”, promovida pola ASPG e por A Nosa Terra, que este ano volve ocupar o mercado coa súa proposta inxente de títulos? ¿Ou é, se cadra, que domina a sensación de ter cubertas dabondo as necesidades de clásicos coñecidos e descoñecidos? O caso é que, sexa cal for a causa, é ben certo que a poesía estivo sempre entre os xéneros mellor tratados pola política editorial de reedición de clásicos pois este é o xénero axial do noso sistema literario e que calquera panorámica da historia da literatura galega ten que lle dedicar moitos dos seus esforzos ó verso.

Aparece este ano a reedición facsimilar de *Cómaros verdes* (Concello de Vilagarcía de Arousa) de Aquilino Iglesia Alvariño, en conmemoración do seu cincuenta aniversario. Volve asomar Pura Vázquez en *A saudade e outros poemas. O desacougo* (Xerais) da man de Victoria Sanjurjo, que xa na mesma colección editara a María Mariño. E mención especial merece o esforzo de Ana Blanco, que reuniu a once das nosas poetas máis representativas en *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (Fundación Rosalía de Castro). Alí están os seus textos, as súas voces e as súas fotografías (mesmo a de Xohana Torres, rescatada do seu voluntario afastamento do mundo literario).

Pero, sobre todo, este é o ano da esperada reedición dun libro que había moito tempo que non se podía atopar máis que nos andeis das bibliotecas. Trátase do *Seraogna* (Xerais) de Alfonso Pexegueiro, nunha edición coidada de Luciano Fernández Martínez, quen desde hai xa unha boa presada de anos é o abandeirado da recuperación deste autor. O libro foi un dos cabalos de batalla nas discusións sobre a renovación poética desde 1975. Máis silenciado que negado nos repasos históricos a este momento de fervedoiro literario, aínda hoxe se presenta como un discurso comunicativo válido e diferente.

Sen embargo son os poetas da promoción dos oitenta os que maior presenza teñen neste apartado. Reúnese a obra poética de Eusebio Lorenzo Baleirón, *Gramática do silencio* (Espiral Maior), coidada polo seu irmán Manuel e Paulino Vázquez, que xa fora editor, xunto con Luciano Rodríguez, de *A morte presentida*. Esta reaparición, coidada e agarimosa do poeta de Dodro, devólvenos íntegra a poesía de Eusebio (inéditos incluídos). Alí entretece os pousos culturalistas, coa práctica



da poesía como ferramenta do coñecemento e mais coa súa visión constante da morte, presente dunha maneira tan real e tan consciente nos poemas últimos. De Lois Pereiro, que segue medrando como mito no que se mesturan as realidades vividas, os poemas escritos e a súa aura de traxedia existencial, apareceron os *Poemas para unha loia* (Espiral Maior), que foran editados na sempre citada revista en ciclostil *Loia*, gobernada por un fato de estudantes en Madrid (os irmáns Pereiro, Manuel Rivas...). Nestes primeiros textos atopamos xa os alicerces da súa poética: unha mirada descarnada da realidade, a súa linguaxe directa e os versos contidos e nus. Reaparece tamén Ramiro Fonte nunha fermosa antoloxía de toda a súa obra poética titulada *Ámbito dos pasos* (Concello de Pontedeume), no que mesmo se adiantan poemario inéditos, como *Capitán inverno*. Luciano Rodríguez, o seu editor, é o responsable ademais dun prólogo útil e interesante. De Miguel Anxo Fernández Vello reedítase un libro recente, de 1994, *Poemas da lenta nudez* (Espiral Maior), cun estudio introductorio de Teresa Seara, quen xa nas páxinas desta revista publicou un artigo sobre a poética deste poeta e editor. E pola súa banda, Cesáreo Sánchez Iglesias ofrece unha antoloxía persoal en *A escrita do silencio* (Esquíu).

## CABO

Neste ano de recuperación de voces tan interesantes e diferentes como Pexegueiro, Romón e Lorenzo Baleirón, a panorámica do ano non pode deixar de constatar o proceso de selección e madurez poética que está a operar entre os poetas maiores. Unha boa presada deles desembarcaron cheos de pulo, ben con novos libros, ben con reedicións e antoloxías (que é unha maneira de ir tendo presenza entre os poetas de obrigada mención). E entre os novos libros cómpre destacar o *Calendario perpetuo* de Xosé María Álvarez Cáccamo, polo que supón de máxima depuración dunha poética propia.

Entre os novos (novos que o son en razón das súas propostas poéticas e do ámbito xeracional co que dialogan, non en razón da data de nacemento) obsérvase unha continuación do abano heteroxéneo de tendencias que se vén pintando nos últimos anos: poesía de vangarda e intervención (Xabier Cordal e Chus Pato), clasicismo (Miro Villar), erotismo (Olga Novo e Yolanda Castaño), introspección (coa prometedora Emma Couceiro e mais con Rafa Villar, malia as distancias entre ambos e dous) e poesía surrealista e *naïf* (Estevo Creus e Celso Fernández Sanmartín). A narratividade, a linguaxe directa, a volta á realidade máis aló do eu, a poesía gozosa e o compromiso seguen a ser as marcas fundamentais das novas voces.